



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Maio 2018

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Maio 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un aumento do 5,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,9 puntos menos que no mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,8%, 0,4 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 5,7% e os Outros servizos o 4,7%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,4%, seis décimas menos que en España (2,0%).
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de maio. Galicia é a sexta comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Andalucía e Galicia son as comunidades co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un aumento do 5,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,9 puntos inferior ao do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,8%, 0,4 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento da facturación do 5,7%, é o que máis contribúe ao crecemento do índice xeral no mes de maio (4,3 puntos); os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,7% e achegan 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 7,1% e os *Outros servizos* o 6,3%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que crece o 6,7% e achega 3,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio ao retalho* achegan 0,4 puntos cada unha, con incrementos do 9,6% e 2,1% respectivamente.

A nivel nacional, o maior incremento nas actividades comerciais rexístrase tamén no *Comercio por xunto*, 9,5%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,7%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son: as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que aumentan un 15,5%, e achegan 0,5 puntos e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que crecen un 10,6% e achegan 0,4 puntos. En senso contrario, *Hostalería e Información e comunicacións* diminúen a súa facturación, -1,5% e -0,2% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,3%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores crecementos danse en: *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (9,9%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (9,4%).

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 4,6% en Galicia e un 6,2% en España.

O *Comercio por xunto* é o sector que máis contribúe ao crecemento da cifra de negocios no que vai de ano, tanto en Galicia como no conxunto de España, con taxas do 5,2% e 7,4% respectivamente.

A *Hostalería* é o único sector no que diminúe a facturación nos cinco primeiros meses do ano en Galicia, -1,7%. En España todos os sectores presentan taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,1% no mes de maio. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 5,3% e achega 2,3 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 10,2% e achega 1,4 puntos. En senso contrario, a *Hostalería* diminúe o 1,1%.


No que vai de ano, o índice aumenta un 5,1%, sendo o *Comercio* (4,5%) e o *Transporte* (10,6%) os sectores que máis contribúen, 2,1 e 1,5 puntos respectivamente.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de maio en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Cantabria e Castilla – La Mancha (ambas as dúas 9,6%). As comunidades con menores crecementos son Extremadura (3,6%) e Comunitat Valenciana (3,9%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos son Cantabria (9,9%), Aragón (8,6%) e Madrid (8,5%). Os menores incrementos rexístranse en Castilla y León (3,2%), Andalucía (3,7%) e Navarra (3,8%).

Índices de cifra de negocios. Maio 2018


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,4% respecto ao mes de maio de 2017, seis décimas menos que en España (2,0%).



O persoal ocupado aumenta un 2,3% no *Comercio* e un 0,7% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (5,8%), co que achega oito décimas á taxa de variación do índice xeral, mentres que na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-1,5%).

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 3,3% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, co que achegan cinco décimas a taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado un 3,0%.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. O maior incremento no persoal ocupado dáse en *Información e comunicacións* (3,5%).

Nos primeiros cinco meses do ano, o persoal ocupado aumenta un 1,9% en Galicia, catro décimas menos que no conxunto do Estado (2,3%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de maio con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Illes Balears (4,0%) e Murcia (3,4%). Extremadura (0,9%) e Galicia (1,4%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

No que vai de ano, os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,9%) e Murcia (3,5%), mentres que Andalucía (1,6%) e País Vasco e Castilla y León (ambas as dúas 1,7%) rexistran os menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Maio 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Maio 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	122,9	5,4	4,6
Comercio	124,9	5,7	4,6
Venta e reparación de vehículos de motor	114,3	9,6	8,3
Comercio por xunto	134,6	6,7	5,2
Comercio ao retalho	104,2	2,1	2,4
Outros servizos	116,5	4,7	4,5
Transporte	112,5	3,6	4,2
Hostalería	109,7	-1,5	-1,7
Información e comunicacións	108,8	-0,2	1,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	123,9	10,6	8,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	139,7	15,5	13,2
España			
Xeral	120,7	6,8	6,2
Comercio	120,8	7,1	6,2
Venta e reparación de vehículos de motor	139,2	7,5	10,3
Comercio por xunto	125,0	9,5	7,4
Comercio ao retalho	106,5	2,0	2,2
Outros servizos	120,5	6,3	6,4
Transporte	120,8	5,8	5,9
Hostalería	118,5	3,3	2,4
Información e comunicacións	113,7	3,5	4,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	128,8	9,9	10,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	121,0	9,4	9,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Maio 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	121,9	5,1	5,1
Comercio	123,3	5,3	4,5
Transporte	132,1	10,2	10,6
Hostalería	112,0	-1,1	-1,2
Información e comunicacións	110,7	1,5	2,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	125,3	8,5	8,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	134,4	13,0	13,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Maio 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	120,7	6,8	6,2
Andalucía	117,4	5,9	3,7
Aragón	115,5	7,8	8,6
Asturias	114,5	8,7	5,3
Balears, Illes	134,1	7,5	7,1
Canarias	112,8	8,2	7,0
Cantabria	120,9	9,6	9,9
Castilla y León	112,3	6,3	3,2
Castilla-La Mancha	121,6	9,6	7,3
Cataluña	119,1	5,3	5,7
Comunitat Valenciana	120,2	3,9	4,2
Extremadura	110,2	3,6	4,5
GALICIA	122,9	5,4	4,6
Madrid	124,9	9,0	8,5
Murcia	122,2	4,8	4,5
Navarra	122,6	5,2	3,8
País Vasco	122,2	7,3	7,8
Rioja, La	125,2	7,0	6,8

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Maio 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,4	1,4	1,9
Comercio	105,7	2,3	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	98,1	-1,5	-1,3
Comercio por xunto	114,8	5,8	4,6
Comercio ao retalho	102,0	1,0	0,8
Outros servizos	107,0	0,7	1,9
Transporte	103,9	0,9	0,6
Hostalería	106,7	-3,0	-0,1
Información e comunicacións	104,7	2,9	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	103,9	2,7	3,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,1	3,3	4,3
España			
Xeral	107,8	2,0	2,3
Comercio	105,0	1,5	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	105,5	2,7	2,5
Comercio por xunto	108,2	2,3	2,4
Comercio ao retalho	102,9	0,8	0,9
Outros servizos	109,5	2,3	2,7
Transporte	108,0	2,8	2,9
Hostalería	111,8	0,9	1,5
Información e comunicacións	106,9	3,5	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,0	2,1	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,1	3,3	4,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Maio 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,8	2,0	2,3
Andalucía	105,4	0,9	1,6
Aragón	109,9	3,0	3,0
Asturias	104,6	1,8	2,2
Balears, Illes	127,5	4,0	3,9
Canarias	108,9	2,5	2,5
Cantabria	107,5	1,7	2,9
Castilla y León	104,9	1,7	1,7
Castilla-La Mancha	106,5	2,0	2,0
Cataluña	108,7	1,8	2,4
Comunitat Valenciana	106,5	2,2	2,2
Extremadura	104,8	2,0	1,8
GALICIA	106,4	1,4	1,9
Madrid	107,3	2,5	2,5
Murcia	114,8	3,4	3,5
Navarra	107,4	2,8	2,5
País Vasco	104,9	1,7	1,7
Rioja, La	107,0	2,5	2,3

Fonte: INE